

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DA BEIRRARRÚA OESTE DA TRAVESÍA DO PORTO E ACCESO Ó PARQUE PÚBLICO E Ó TREITO RÚA DO BUXO-APARCADOIRO DO CENTRO DE SAÚDE. O MILLADOIRO.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras de “Construcción e urbanización da beirarrúa oeste da Travesía do Porto e acceso ó parque público e ó treito rúa do Buxo-aparcadoiro do centro de saúde. O Milladoiro”.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Figura fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 181/2017).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de “Construcción e urbanización da beirarrúa oeste da Travesía do Porto e acceso ó Parque Público e ó treito Rúa do Buxo-Aparcadoiro do Centro de Saúde. O Milladoiro” á empresa Martínez Montes e Hijos SL, con CIF B-15025372, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de douscentos tres mil trescentos euros (203.300,00.- euros), sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de corenta e dous mil seiscentos noventa e tres euros (42.693,00- euros).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 4 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra ó arquitecto Álvaro López González da empresa Oficina de Planeamiento SA, así mesmo nomear como coordinadora de seguridade e saúde á arquitecta técnica Mónica Balado Santiago, que tamén será a encargada da dirección de execución da obra construción e urbanización da beirarrúa oeste da Travesía do Porto e acceso ó parque público e ó treito rúa do Buxo-aparcadoiro do centro de saúde. O Milladoiro.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a dezasete de novembro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria